



## Concello de Xermade

### Decreto

**Asunto: Aprobación do expediente de contratación de “Substitución de equipos de alumado no Concello de Xermade (Plan Único 2018)”. Expediente 214/2019.**

**D. ROBERTO GARCÍA, PERNAS, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XERMADEE (LUGO).-**

Vista a memoria valorada denominada “*Substitución de equipos de alumado no Concello de Xermade*”, que redatou o enxeñeiro técnico industrial D. Fernando Pereira García, con número de Colexiado 298, finaciado con cargo ao Plan Único 2018, que funcionará como prescricións técnicas, de marzo do 2019, que modifica á memoria valorada presentada anteriormente, tras quedar deserta a licitación (expediente 110/2019).

Tendo en conta a natureza das actuacións ás que fai referencia o obxecto da memoria, estamos ante un contrato administrativo mixto de subministración e obras regulado nos art. 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en diante LCSP), cuxa necesidade, de acordo co art. 28 do LCSP ven xustificada pola obrigatoriedade que se establece na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local aos municipios de prestar servizos de alumado público.

Visto que o orzamento total de execución por contrata, como máximo, ascende a contía de corenta e nove mil oitocentos corenta e dous euros e trinta e dous céntimos (49.842,32 euros), estímase procedente a contratación da referida obra mediante procedemento aberto simplificado, por razón da contía (art. 159 LCSP), así coma por mor da axilidade e celeridade na contratación necesaria no presente caso dado que a obra debe estar adxudicada antes do 30/04/2019, de conformidade coa prórroga outorgada pola Deputación de Lugo.

Os criterios de adxudicación propostos son cuantificables automaticamente (prezo, 75 puntos) e mediante xuízo de valor (calidade, 25 puntos), e considerase que son os máis vantaxosos para o interese público.

Con respecto ás condicións especiais de execución do contrato, ao tratarse dun contrato mixto de obras, ao abeiro do art. 202 da Lei 9/2017, considerase conveniente ter en conta consideracións de tipo social (convenios colectivos).

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional segunda da LCSP ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais, o órgano de contratación do Concello de Xermade é a Alcaldía, posto que o valor estimado do contrato (41.192,00€) non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento do 2019 (166.532,92€).

Tendo en conta que é preciso tramitar unha modificación de crédito mediante incorporación de remanente, emprégase a tramitación anticipada do gasto, consonte á Disposición adicional terceira da LCSP.

Consta informe favorable emitido pola Secretaría-Intervención municipal, en data 01/04/2019, respecto do prego de cláusulas administrativas particulares proposto pola Alcaldía, de data 01/04/2019, que consta no expediente.

Considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o expediente e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, por procedementos aberto simplificado, tramitación ordinaria, da subministración/obra “*Substitución de equipos de alumado no Concello de Xermade*”, por importe de 49.842,32 euros (base: 41.192,00€; IVE 21%: 8.650,32€)

Dispónse a apertura do procedemento de adxudicación na modalidade de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria.

**Concello de Xermade**



## Concello de Xermade

---

Segundo.- Dispoñer a tramitación anticipada da contratación, ao abeiro do disposto na D.A. terceira 2 da LCSP 9/2017, condicionando á adxudicación á efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato.

Terceiro.- Publicar o anuncio de licitación, o prego de cláusulas administrativas particulares e as prescricións técnicas no Perfil do contratante e na plataforma de contratación do estado.

Dado en Xermade, na data indicada á marxe, do que eu, secretaria, dou fe

O alcalde

A secretaria

Roberto García Pernas

María Cristina Varela García

*DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE*